

PLENO DE FEBREIRO (22.2.16)

DECLARACIÓN DO SR. RAJOY COMO PERSOA NON GRATA

LUÍS REI NÚÑEZ, PORTAVOZ DE MAREA PONTEVEDRA

Podería referirme a que o goberno do pontevedrés Mariano Rajoy introduciu no Código Penal a “prisión permanente revisable” (eufemismo, por cadea perpetua), e que coa prórroga a ENCE por 60 anos máis acaba de condenar a 83.000 pontevedreses a cadea perpetua coa agravante de podremia (na auga, na atmosfera e na paisaxe).

Poderíamos lembrar que falamos dunha empresa que xa sufriu condena por delito ecolóxico. Pero estaríamos centrando o foco na contaminación, e estou farto de darmos sempre a mesma lección.

Para a Marea cómpre pasar á seguinte lección do libro: a da corrupción.

O pontevedrés Rajoy é o presidente dun goberno sustentado por un partido que el tamén preside. É por tanto, o xefe dos xefes, no goberno e mais no partido.

Xefe dunha lista de políticos na que están, por orde alfabética, Luis Bárcenas, Carlos Fabra, Francisco Granados ou Jaume Matas, que comparten o mérito de teren estado, ou estaren aínda no cárcere.

Nesa lista hai que incluír tamén a Rita Barberá, á que o señor Rajoy teima en aforar para que non se converta en “Rita la Cantaora”, a Miguel Blesa, a Rodrigo Rato e a todos os tesoureiros do partido desde Rosendo Naseiro ata a actualidade.

A lista inclúe ademais operacións policiais ou xuízos como, en Mallorca, Palma Arena ou Noos; en Valencia, Gurtel, Brugal, Taula ou tamén Noos; en Madrid, Caixa B, tamén Gurtel ou a operación Púnica...

Mesmo en Ourense hai unha operación “Pública”, con B, cunha Oferta de Emprego na que as probas son de cintura para abaixo.

En Galicia teñen ademais Pokémon, Pikachu, Campeón, Carioca, Orquestra,

Patos...

Pois resulta que o goberno dese partido, **en 2013 aprobou unha contrarreforma da Lei de Costas que abría a porta á ampliación de concesións coma a de ENCE... Co pontevedrés Rajoy como presidente e o señor Arias Cañete de ministro do ramo.**

Por certo, o mesmo Arias Cañete cuxo nome sae á palestra no caso Acuamed, con indicios de millóns de euros públicos desviados.

A prórroga de seis décadas máis chega despois de que ENCE fose privatizada totalmente en 2001, con Aznar de presidente, Rajoy de vicepresidente e Rato de ministro de economía.

Sabendo que a concesión (en virtude da lei de Costas de 1988) remataba en 2018, os compradores pagaron daquela 230 millóns de euros, e xa era un prezo de saldo.

¿Por que se di isto?

Soamente na década actual, ENCE xerou recursos en 2010 por 57 millóns de euros, en 2011 por 46 millóns, en 2012 por 21 millóns e en 2013 por 40 millóns. No ano 14 declararon perdas, xustificadas pola reforma enerxética, e agora acaban de declarar, no balance de 2015, beneficios por 50 millóns de euros.

A ese ritmo de 40-50 millóns ao ano, un calcula o que pode dar de si a vaquiña durante sesenta anos máis... ¡je apesta! (e nunca mellor dito).

É doado botar a conta, mesmo para os de letras.

40 millóns ao ano, durante 60 anos, suman 2.400 millóns... Pódese aducir que haberá investimentos. Pero tamén se pode retrucar que mellorarán a conta de resultados.

Con Arias Cañete e toda esta tropa (incluídas “portas xiratorias”: Isabel Tocino, ou Carlos del Álamo) polo medio, a pregunta é: ¿Quen leva aquí o 3 por cento? A Marea sabe que non estamos no ámbito diplomático, e que a declaración do señor Rajoy como “persoa non grata” ten un alcance limitado, simbólico,

moral... Pero non debe ser pouca cousa, algunha relevancia semella ter, a xulgar pola expectación...

Custa pedir o repudio para ninguén, pero o que o máximo responsable dun goberno acaba de facer contra 83.000 veciños xustifica que desbotemos a nosa tendencia natural a sermos agradecidos. Como calquera cidade da nosa dimensión, cando un veciño ocupa responsabilidades altísimas, o normal na súa despedida, e ese semella ser o caso, é agradecerlle os servizos prestados con honores (fillo predilecto, medalla de ouro, unha rúa...)

Pero o final que merece polo que acaba de facernos é estoutro. Para que o saiba, aínda que non teña consecuencias xurídicas nin administrativas.

Que non se preocupe. Cando volva o “caloret”, seguirán agardándoo o baile de gala da Peregrina e o palco da praza de touros. O fume do seu puro faralle mal só a el. Mentres, o de ENCE seguirá castigándonos a todos nós durante outros 60 anos.

El final que merece por lo que acaba de hacernos es este del repudio. Para que lo sepa, aunque no tenga consecuencias jurídicas ni administrativas.

Que no se preocupe. Cuando vuelva el “caloret”, lo seguirán esperando el baile de gala de la Peregrina y el palco de la plaza de toros. El humo de su puro le hará daño solo a él. Mientras, el de ENCE seguirá castigándonos a todos nosotros durante otros 60 años.

Digamos que o señor Rajoy nos castigou moi por riba das nosas posibilidades. Marea Pontevedra entende que o señor Rajoy gañou a pulso o noso repudio, e por iso pedimos o voto a favor para esta moción.